



XUNTA
DE GALICIA



PLAMBE

ENCONTROS DOS CENTROS

DO PLAN DE MELLORA DE

BIBLIOTECAS ESCOLARES

2022-23



30 e 31 de marzo
Pazo de Congressos e Exposicións
Santiago de Compostela



**BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA**

9:30 - 10:00

Recollida de documentación e control de asistencia.

10:00 - 10:10

Inauguración dos Encontros PLAMBE 2022/2023

Sala 14

10:10 - 11:15



Biblioteca escolar, centro creativo das aprendizaxes

Cristina Novoa Fernández

Sala 14

11:15 - 11:45

Pausa - café

11:45 - 12:45



Unha biblioteca escolar en infantil e primaria

Yolanda Higuero Araújo (CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo, A Guarda)

Sala 14

12:45 - 14:00



Unha biblioteca escolar en secundaria e outras ensinanzas

Sandra María Tenreiro Doldán (IES Poeta Díaz Castro, Guitiriz)

Sala 14

14:00

Control de asistencia – Pausa – Xantar



XUNTA
DE GALICIA



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

15:50

Control de asistencia

16:00 - 17:00



Propulsión ALFIN

Sala 14

María Asunción Carballo Rodríguez (IES Valadares, Vigo)

Mónica Patricia Muñoz Sobrino (CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao, Vigo)

17:00 - 17:45



Información relevante sobre o programa PLAMBE

Sala 14

Asesoría de Bibliotecas Escolares

17:45 - 18:00

Pausa

18:00 - 19:00



Coloquio: Boas prácticas en bibliotecas escolares

Sala 14

Sandra Álvarez Alonso (CEIP Laverde Ruíz, Outeiro de Rei)

María Mercedes Teijeiro Gato (CIFP Compostela, Santiago de Compostela)

Eva Fernández Fernández (IES Alfoz-Valadouro, Alfoz)

Dorinda Castro Soliño (EPAPU Berbés, Vigo)

19:00 - 20:00



Repite: os carballos. Da literatura que resiste ao lectorado que esixe

Sala 14

Montserrat Pena Presas

20:00

Control de asistencia



XUNTA
DE GALICIA



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

venres 31 de Marzo | 9:15 a 14:00

9:15 - 10:00

Recollida de documentación (PLAMBE 1-17) e control de asistencia

10:00 - 10:20

Inauguración dos Encontros PLAMBE 2022/2023

Sala Santiago

10:20 - 11:30



10 tesis sobre la IA (leer, escribir y buscar en tiempos de ChatGPT) | *Carlos Alberto Scolari*

Sala Santiago

11:30 - 12:00

Pausa - café

12:00 - 13:00



Experiencias de centros

Falamos de... Koha-Bescolares

Asesoría de Bibliotecas Escolares

María Begoña López Soto (IES Fernando Esquíu, Neda)

Sala Santiago

Falamos doutras bibliotecas escolares

María Peón Torres (EOI da Coruña, A Coruña)

María Purificación Vázquez Silva (CIFP Ánxel Casal - Monte Alto, A Coruña)

Sala 14

Falamos de... ALFIN

Patricia María Peña Perojo (IES Pino Manso, O Porriño)

Flora Grande Rodríguez (CEIP Plurilingüe Virxe do Carme, Sober)

Sala 25

Falamos de... Lectura e familias

Tatiana María Pérez Díaz (CEIP Plurilingüe Antonio Palacios, O Porriño)

Lidia Barreiro Felpeto (IES A Basella, Vilanova de Arousa)

Sala Obradoiro

13:00 - 14:00



O conto de nunca acabar: sobre selección, literatura, infancia e escola | *Anna Juan Cantavella*

Sala Santiago

14:00

Control de asistencia – Pausa – Xantar

15:50

Control de asistencia

16:00 - 17:30



O bo coñecido e o bo por coñecer: tendencias e innovación en bibliotecas | *Alicia Sellés Carot*

Sala Santiago

17:30 - 17:45

Pausa

17:45 - 19:00



Experiencias de centros

Mirar, ler e pensar na biblioteca

Ellen Duthie

Sala Santiago

Falamos de... Centros LIA

Noemí Leal Doval (CEIP Valle-Inclán, O Grove)

María Isidora Gil González (IES Celanova Celso

Sala Obradoiro

Falamos de... Radio na biblio

María Dolores Sánchez Blázquez (CPI Manuel Suárez Marquier, O Rosal)

Cristina Meijome Rivera (CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos)

Sala 25

Falamos de... Traballo por proxectos

Karina Parga Chao (IES Perdouro, Burela)

María Fátima Romero Olveira (CEIP Milladoiro, Malpica de Bergantiños)

Sala 14

19:00 - 20:00



As bibliotecas, memoria paralela

Helena Villar Janeiro

Sala Santiago

20:00

Clausura dos Encontros PLAMBE 2022/2023 e control de asistencia



Mestra especialista en filoloxía (castelán, francés e galego), traballou para o ensino público 41 anos (de outubro de 1979 a decembro de 2020), dos cales, os primeiros 24 anos foi de traballo directo en centros de educación primaria. Ten experiencia en xestión e dinamización de bibliotecas escolares, así como en cargos directivos de centros docentes (11 cursos académicos).

Colabora na formación do profesorado en temas relacionados coas bibliotecas escolares, a comprensión lectora, o fomento da lectura, a alfabetización informacional, a organización dos centros e o tratamento dos contidos transversais (medio ambiente, resolución de conflitos, etc.).

Coordinou a Asesoría de Bibliotecas Escolares, en comisión de servizos, na Consellería de Educación (dende a creación desta Asesoría en setembro de 2003 ate decembro de 2020, data de xubilación). Segue colaborando co programa de bibliotecas escolares e fomento da lectura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de forma puntual.

Integrante da Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares (MECD-CCAA), do Grupo estratéxico para el estudio de prospectiva sobre la biblioteca en el nuevo entorno informacional y social (Prospectiva Bibliotecas 2020), do Grupo de Trabajo GTALFIN (grupos de traballo no seo do Consello de Cooperación Bibliotecaria, a nivel estatal). Integrante do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia e do Consello Asesor do Libro, en tanto que coordinadora da Asesoría de bibliotecas escolares.

Intervencións en congresos, xornadas e actividades de formación do profesorado, dentro e fóra de Galicia, en relación coas políticas públicas de lectura, o modelo de biblioteca escolar como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe; a creación e desenvolvemento de redes de bibliotecas escolares, a alfabetización informacional e o fomento da lectura. Na actualidade, continúa a súa colaboración esporádica coa Rede de formación do profesorado de Galicia e doutras CCAA, así como outras entidades educativas e culturais de fóra de Galicia.

Biblioteca escolar, centro creativo das aprendizaxes

A biblioteca escolar entendida como centro creativo das aprendizaxes pon a disposición da comunidade educativa recursos, servizos e oportunidades para o desenvolvemento de competencias clave no currículo escolar e garante a mediación imprescindible e axeitada en materia de lectura e de información, nun contexto de multialfabetismos e urxencias por formar ás persoas como lectoras críticas e usuarias responsables da información e dos medios de comunicación; precisa ser unha biblioteca inclusiva, impulsora da creación, a expresión e a colaboración en toda a súa diversidade.

A biblioteca que se integra no PLAMBE vai percorrer, acompañada, un camiño de transformación onde a reflexión, a avaliación, a planificación, a formación permanente, a rigorosidade e as alianzas (con outras bibliotecas e con outros axentes culturais e educativos do medio máis próximo), son esenciais para poder cubrir as necesidades de alumnado, profesorado e familias nos ámbitos que lle son propios.

Estas bibliotecas incorpóranse desde puntos diferentes neste proceso de transformación das actuais bibliotecas escolares galegas. A intervención procurará revisar os puntos fortes deste modelo que debe estar aberto á evolución das necesidades educativas do alumnado e ás características e particularidades de cada comunidade educativa para poder servir á formación persoal, académica e social de todos e cada un dos seus integrantes.





Profesora da Área de Didáctica da Lingua e da Literatura na facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciada en Filoloxía Galega e Máster en Edición (USAL), en 2016 doutorouse en Filoloxía pola USC coa tese “Feminismo, xénero e coeducación na literatura infantil e xuvenil: historia crítica e aplicación didáctica”. A súa investigación está moi centrada na literatura infantil e xuvenil contemporánea, cun foco específico na literatura galega, na educación literaria e nos estudos de xénero. Así, ten publicadas dúas monografías sobre esta cuestión: a biografía de María Victoria Moreno, A voz insurrecta (2018, Galaxia) e a obra Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia (2018, Laiovento, que recolle unha parte da súa tese de doutoramento). Ademais de dous volumes divulgativos sobre Roberto Vidal Bolaño e Xela Arias, deu ao prelo diferentes artigos e capítulos de libro sobre a produción literaria de Agustín Fernández Paz, Leticia Costas, Manuel María, Carlos Casares ou Xohana Torres. Nos últimos anos, o seu traballo centrouse na didáctica da lectura dende diferentes perspectivas: analizando aspectos vencellados a como gañar lectoras e lectores, especialmente a través do emprego do álbum e do libro de non ficción.

Alén de participar en distintos congresos internacionais, colaborou durante varios anos como crítica literaria no “Faro da Cultura” do Faro de Vigo, na revista Grial ou no Diario Cultural da Radio Galega. En 2022 comisariou a exposición “Unha árbore de historias: cen anos de literatura infantil galega”, organizada pola Biblioteca de Galicia.

Repíte: os carballos. Da literatura que resiste ao lectorado que esixe

Facer unha colección dunha biblioteca escolar podería equipararse a construír un mapa. O mapa amosa os elementos máis importantes do territorio ao que representa, a colección cómpre que faga o mesmo cos sistemas literarios incluídos nela. Por iso, este relatorio pretende responder ás seguintes preguntas: que características definen a produción infantil e xuvenil galega na actualidade? Cales son as fortalezas e debilidades dos diferentes xéneros literarios? Como saber onde atopar os mellores libros en galego? Que criterios podo empregar para seleccionalos? Á vez, a charla tamén quixera xerar novas cuestións, pois son diversas as dúbidas e as fendas que axiña se presentan cando aspiramos a construír a mellor das coleccións nunha lingua minorizada. Porque os libros infantís e xuvenís en galego seguen a resistir a pesar da perda de falantes, mais as nenas e mozos existen tamén ter acceso aos mellores libros.





Carlos A. Scolari é Catedrático en Teoría e Análise da Comunicación Dixital Interactiva do Departamento de Comunicación na Universitat Pompeu Fabra (Barcelona), onde coordinou o Programa de Doutoramento en Comunicación entre 2018 e 2023. As súas investigacións centráronse na nova ecoloxía e evolución dos medios, as interfaces e as narrativas transmedia. Foi investigador principal dos proxectos TRANSLITERACY (Programa UE H2020, 2015-18), TRANSALFABETISMOS (Mineco, 2015-18) e PLATCOM (MICINN, 2020-24). Os seus últimos libros son *Las leyes de la interfaz* (2018), *Media Evolution* (con Fernando Rapa, 2019), *Cultura Snack* (2020) e *La guerra de las plataformas* (2022). En 2021 publicou a súa primeira novela: *La Gran Enciclopedia Argentina*.

10 tesis sobre la IA (ler, escribir e buscar en tempos de ChatGPT)

A difusión e uso masivo de bots conversacionais como o ChatGPT e outras aplicacións baseadas na intelixencia artificial poñen en crise as prácticas tradicionais de lectoescritura e de búsqueda de información, afectando ás profesións e institucións vinculadas a eses procesos. No relatorio pasarase revista ao desenvolvemento da intelixencia artificial para encadrar estes fenómenos e reflexionar sobre como integralos nas dinámicas de traballo da maneira menos traumática posible.

Inteligencia artificial, entre el deseo y el miedo – CCCBLab: <https://lab.cccb.org/es/inteligencia-artificial-entre-el-deseo-y-el-miedo/>



Anna Juan é Doutora en Antropoloxía Social e Cultural e Máster en Libros e literatura infantil. Docente e investigadora no campo da didáctica da literatura, actualmente é profesora asociada da UAB no departamento de Didáctica da literatura.

Deseña e desenvolve proxectos e formacións sobre literatura infantil, educación literaria e biblioteca escolar para diversas institucións.

É autora do blog especializado en álbum e lectura literaria: <https://lacoleccionista-libroalbum.blogspot.com/>

O conto de nunca acabar: sobre selección, literatura, infancia e escola

A selección é a primeira acción que facemos como mediadoras de lectura. Que libros escoller para unha biblioteca escolar ou para accións concretas en diversos contextos convírtese – nunha realidade na que a sobreproducción e o descoñecemento xeral da literatura infantil xogan por igual– nunha das tarefas máis importantes que levamos a cabo. Por eso reflexionar –se pode ser de modo colectivo e non só dende a figura da especialista ou da bibliotecaria escolar (senón coa súa axuda)– sobre que criterios ter en conta á hora de construír unha colección ou un fondo para determinadas accións, debería ser un dos aspectos esenciais da nosa práctica. O día a día demostráanos que en moitos casos esta reflexión previa á construción dunha selección non existe (moitas veces por falta de formación ou de medios) e que se logra existir, sempre deixa de lado os criterios literarios ou estéticos para centrarse en criterios económicos ou morais.

Nesta charla reflexionaremos sobre os criterios a ter en conta para seleccionar dende a escola e deterémonos nalgúnas frases e crenzas a deconstruír para construír bibliotecas escolares baseadas na calidade e tendo en conta a aprendizaxe da lectura literaria.





Alicia Sellés é Diplomada en Biblioteconomía e Documentación pola Universidade de Salamanca, Licenciada en Documentación pola Universidade Politécnica de Valencia e Máster en Contidos e Aspectos legais na Sociedade da Información.

Desenvolve a súa carreira profesional no sector privado, sobre todo no deseño, planificación, implantación e avaliación de bibliotecas e doutros servizos de información e documentación. Con especial atención á acción e innovación social, a transformación das comunidades e a sustentabilidade.

Compatibiliza estas tarefas coa docencia en cursos especializados, graos e másteres relacionados coa xestión da información (UOC).

Participou en varios programas da IFLA (BSLA e o IAP) no relativo ao asociacionismo profesional e ás bibliotecas e a Axenda 2030. Coordina o Grupo de Traballo do Consejo de Cooperación bibliotecaria "Bibliotecas y Agenda 2030" e participa como experta no Grupo de Traballo de Laboratorios Bibliotecarios.

É vogal do Patronato da Biblioteca Nacional de España.

É membro da executiva de EBLIDA e da División Rexional de IFLA. Ex presidenta de FESABID.

O bo coñecido e o bo por coñecer: tendencias e innovación en bibliotecas

Plántexase unha reflexión sobre as oportunidades para as bibliotecas escolares no marco das tendencias e innovación no ámbito bibliotecario global.

Revisamos propostas que nos suxiren a idea de innovar tanto na colección, os espazos ou as tecnoloxías como en incluír a innovación no propio concepto de servizo: descubrimento e oportunidades para un acceso significativo, colaboración e cocreación, participación e laboratorios cidadáns, goberno e modelos de xestión...





Ellen Duthie é escritora, tradutora, editora e investigadora especializada en literatura infantil e filosofía para nenos e xoves e unha apaixonada da lectura compartida en voz alta, como demostrou durante anos no seu blog Lo leemos así.

Licenciada e máster en filosofía pola Universidade de Edimburgo (Reino Unido), é socia fundadora da editorial Wonder Ponder, autora da serie Filosofía visual para todas las edades e tradutora de autores como Maurice Sendak e John Burningham, entre outros.

O seu primeiro libro foi *Mundo cruel*, ilustrado por Daniela Martagón, que está xa na séptima edición e vendeuse en oito países.

Vén de publicar *Un par de ojos nuevos*, ilustrado por Javier Sáez Castán e Manuel Marsol.

Desde 2017 codirixe o Curso Internacional de Filosofía, Literatura, Arte e Infancia en Albarracín (Teruel) e dende 2020 dirixe a escola de formación online Wonder Ponder Academy.



Helena Villar Janeiro, mestra, pedagoga e escritora, cultiva varios xéneros literarios. Deuse a coñecer como poeta en 1972 e veu desenvolvendo durante 50 anos unha dilatada carreira literaria, na que están presentes a poesía, a creación infantil e xuvenil, a opinión en prensa, o relato de diferentes extensións, e a creación conxunta de pequenos poemas e imaxes fotográficas como aporte á publicación nas redes sociais, nas que destaca como activista cultural. Ten recibido polo seu labor premios e distincións de relevancia.

Mirar, ler e pensar na biblioteca

Xerar un clima de asombro e curiosidade, desenvolver hábitos de diálogo e de pensamento en comunidade e mellorar a calidade das preguntas que facemos e que xeramos, son algúns dos obxectivos que persegue o innovador proxecto de Wonder Ponder.

"Wonder" en inglés significa "asombrarse", pero tamén "preguntarse". "Ponder" significa "reflexionar" ou "darlle voltas ás cousas". Os libros do proxecto de Filosofía e literatura para todas las edades de Wonder Ponder achega aos seus lectores a algunhas das grandes preguntas sobre o mundo e sobre nós mesmos de forma divertida e atractiva. Imaxes curiosas e preguntas intrigantes invitan á reflexión e ao diálogo, estimulando o desenvolvemento dun pensamento propio e facilitando a construción dun mapa dos temas abordados.

Esta charla será unha oportunidade para coñecer de primeira man este valioso material e saber trucos e pistas para sacarlle o máximo proveito literario e filosófico, con persoas dende educación infantil, primaria, secundaria, e con adultos! Uns libro fascinantes para calquera biblioteca, que abren oportunidades para a exploración profunda de ideas e supoñen unha fonte inesgotable de conversacións divertidas e diferentes.

As bibliotecas, memoria paralela

As bibliotecas almacenan –vencendo o tempo e o espazo– mundos ideados pola creación humana a través das visións lírica, narrativa, dramática e ensaística. Os libros consolidan así a súa alta capacidade de recreación de mundos posibles complementarios e diversos para cada unha das mentes lectoras.



XUNTA
DE GALICIA



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA